



Concello do Porriño

ANUNCIO

Corrección de erros das bases reguladoras da Liña de axudas "Porriño Impulsa-2021"

Expte. 1537/2021

Por Decreto da Alcaldía n.º 2021-0911 acórdase proceder á rectificación de erros das bases reguladoras das axudas municipais de carácter extraordinario "Liña Impulsa-2021" nos termos seguintes:

Vistas as bases para a concesión de axudas extraordinarias a traballadores/as autónomos/as, microempresas e pequenas empresas do Concello do Porriño afectados pola crise sanitaria provocada pola pandemia do Covid-19. Liña de axudas "Porriño impulsa" publicadas no BOPPO n.º 70 do 15 de abril de 2021, as mesmas incorren en erros e/ou omisións que compre subsanar, polo que procede corrixir as mesmas no sentido que se indica:

Primeiro: Modificación do artigo 1 "Obxecto e finalidade".

Onde dí: " tras a declaración do estado de alarma mediante o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo covid-19".

Deberá dicir: tras a publicación da Orde de 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade (DOG n.º 16-bis) pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia".

Segundo: Modificación do artigo 6 "Requisitos".

Onde dí: "Que a súa actividade empresarial fose afectada co peche total tras a declaración do estado de alarma ou sufrise unha redución da súa facturación no período posterior a esta data de polo menos un 30% en relación á media efectuada durante os últimos dous exercicios económicos (2019 e 2020), que deberá acreditar coa aportación da documentación contable que se indica no artigo 9"

Deberá dicir: "Que a súa actividade empresarial fose afectada co peche total tras a publicación da Orde de 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade (DOG n.º 16-bis) pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución





Concello do Porriño

da situación epidemiolóxica derivada do Covid-19 na Comunidade Autónoma de Galicia ou sufrise unha redución da súa facturación de polo menos un 30% na comparativa dos últimos dous exercicios económicos (2019 e 2020), que deberá acreditar coa aportación da documentación contable que se indica no artigo 9”.

Terceiro: Modificación do artigo 8 “Criterios e límite das subvencións”.

Onde dí: “O límite por entidade beneficiaria establécese na cantidade de 1.500 euros para aquelas que sufrisen o peche total, e 1.200 euros para aquelas outras que estivesen limitadas no horario de apertura ao público **ou** sufrisen perdas significativas...”

Deberá dicir: “O límite por entidade beneficiaria establécese na cantidade de 1.500 euros para aquelas que sufrisen o peche total, e 1.200 euros para aquelas que acrediten perdas perdas significativas...”

Cuarto: Modificación do artigo 9.- “Prazo de presentación de solicitudes e documentación. Documentación xustificativa”.

Onde dí: “No caso no que non houberse peche do establecemento, pero que sufrise unha redución da súa facturación durante o mes seguinte á declaración do estado de alarma superior ao 30% con relación á media efectuada nos dous últimos anos (2019 e 2020)...”

Deberá dicir: “No caso no que non houberse peche do establecemento, pero que sufrise unha redución da súa facturación superior ao 30% no ano 2020 en relación ao ano 2019...”

Quinto: Modificación do artigo 10.- “Contido e requisitos das facturas”.

Onde dí: “ As facturas que se acheguen como xustificantes da subvención deberán estar datadas con posterioridade á data de declaración do estado de alarma”.

Debe dicir: “ As facturas que se acheguen como xustificantes da subvención deberán estar datadas dende o 01.01.2021 ata a data de publicación destas bases”

Polo exposto, e de conformidade coas potestades que me confire a lexislación en vigor,





Concello do Porriño

RESOLVO:

1.- Procédase á publicación no BOPPO da presente corrección de erros das bases para a concesión de axudas extraordinarias a traballadores/as autónomos/as, microempresas e pequenas empresas do Concello do Porriño afectados pola crise sanitaria provocada pola pandemia do Covid-19. Liña de axudas "Porriño impulsa" publicadas no BOPPO n.º 70 do 15 de abril de 2021.

2.- A presente corrección de erros non afectará ao prazo de presentación de solicitudes establecido nas bases.

3.- Non obstante, habilitase un prazo extraordinario de 10 días a partir do seguinte á publicación da presente corrección de erros, a fin de que as persoas que teñan presentado en prazo a súa solicitude de axuda, poidan subsanar o cumprimento das obrigas especificadas nesta corrección.

(Asinado dixitalmente á marxe na data expresada)

